

As Misións Pedagóxicas na España rural republicana

O Padroado das Misións Pedagóxicas tentaba levar ás aldeas a alta cultura, apoiar os mestres rurais e promover a educación para a cidadanía. O labor das Misións estendeuse por preto de sete mil lugares. En cinco anos repartíronse 5.522 bibliotecas, o que a converte na campaña de lectura máis importante nunca feita en España. A través das visitas ao mundo rural houbo un rico intercambio entre campo e cidade, producíndose un descubrimento recíproco dunha importancia extraordinaria para a cultura.

Eugenio Otero Urtaza

Universidade de Santiago de Compostela
Fotografías procedentes da Exposición e Memorias das Misións

Palabras clave

Misións Pedagóxicas, Manuel B. Cossío, Segunda República, Educación rural, animación sociocultural.

A creación do Padroado das Misións Pedagóxicas polo goberno da II República o 29 de maio de 1931, viña satisfacer o labor educativo que facía a *Institución Libre de Enseñanza* (ILE) na educación en España dende 1876. A ILE non só foi un movemento que tentaba facer unha transformación dos hábitos educativos do país, senón que Francisco Giner quería levar a cabo unha fonda reforma da cultura española, presa aínda nunha concepción mesiánica e altiva, para achegala á modernidade industrial que despuntou en Europa ao longo do século XIX. Dende que en 1883 Manuel Bartolomé Cossío se fixera cargo do Museo Pedagóxico, foi capaz de congrega arredor de si un grupo de mestres e intelectuais que ollaban cara a esa cultura democrática e ilustrada que se estaba a desenvolver en distintos países europeos, e a partir de 1880 foi tecendo

un conxunto de relacións que lle permitiron situar a súa propia práctica como educador entre as máis refinadas e mellores do seu tempo.

Pero mentres que Giner, Cossío e outros *institucionistas* miraban con atención as conquistas sociais e escolares europeas, a situación española seguía sendo dunha grande indixencia e, cada vez máis, ía afondando o abismo entre o mundo rural, que gardaba unha rica cultura, diversa e milenaria, e as grandes cidades que desenvolvían unha crecente actividade fabril que transformaba o vivir cotián. Neste contexto, os mestres non tiñan ningunha consideración social. No reinado de Alfonso XII, peregrinaban polas aldeas con salarios anuais de 125 ou 250 pesetas, cando o decoroso, naqueles tempos, era cobrar non menos de 1.500 pesetas. Era certa aquela frase de “pasar

máis fame ca un mestre de escola”, pois a salarios tan exiguos engadíase que os concellos (O Estado non comezaría a pagarlles aos mestres ata 1900), ás veces, tardaban anos en pagarlles. ¡Como no ían pagarlles en especie nas aldeas! Sempre e cando o mestre fose aceptado, xa que en moitas ocasións o seu celo profesional levábao a pedir que os nenos non faltasen á escola no tempo da sega, ou tiña costumes que molestaban o cacique ou o cura, e entón alguén levantáballe unha infamia para que abandonase o lugar, ou simplemente non lle daban vivenda, nin un cántaro de leite.

Cossío comezou a ser consciente desta situación na que vivían os mestres rurais e, para buscarlle solución, propúxose toda a súa vida levar animación cultural ás aldeas, co fin de apoiar o labor dos mestres. Esta é a orixe da idea das Misións



Pedagóxicas. Os gobernos liberais da Restauración foron pouco receptivos a este proxecto da ILE, e só cando Rafael Altamira acadou a Dirección Xeral de Primeira Ensinanza en 1911, promoveu algunhas iniciativas. Así que cando empeza a República, os problemas fundamentais do mundo rural seguían sen estar resoltos. As grandes masas campeciñas non tiñan a propiedade da terra e máis dun trinta por cento da poboación era analfabeta, esta proporción era moito máis alta nos núcleos rurais. Os políticos republicanos decatáronse enseguida da necesidade de levar a conciencia cidadá ás aldeas para que a democracia xermolase nelas. As Misións propoñíanse así un tripla obxectivo: animar a vida cultural dos pobos, soste-lo labor dos mestres rurais e promover a educación para a cidadanía.

O Padroado organizouse ese mesmo verán. Nomeouse presidente a Manuel Bartolomé Cossío, que dende o pasamento de Giner en 1915, levaba o peso da ILE. Tiña xa 74 anos, pero aceptou aquela nova tarefa cun extraordinario entusiasmo, xa que enchía as arelas polas que loitara toda a súa vida. Para organizar as actividades rodeouse dun grupo de persoas cunha grande honestidade intelectual. Na Comisión Central do Padroado estaban, entre outros, Antonio Machado, Pedro Salinas, Rodolfo Llopis, Luis Bello ou o

músico Oscar Esplá. Prestoulle unha grande axuda o seu discípulo Luis Álvarez Santullano, que se encargou da secretaría, e que era quen organizaba o día a día. Falaba cos mozos e as mozas que ían polos lugares e examinaba as condicións en que podía desenvolverse unha misión, porque o máis importante era que fose ben recibida.

Case de inmediato puxéronse a buscar os “misioneiros” que se integrarían nestas expedicións polos lugares e aldeas de España. Eran moi cautos, non querían que esta mostra de fraternidade entre o campo e a cidade se interpretase como unha especie de recreo cultural organizado por *señoritos* fachendosos. Atopar os candidatos axeitados foi a primeira meta que procurou o Padroado. Estas persoas debían posuír un estilo de actuación sinxelo e cordial, libres de pedantería, e dispostas a entregar o mellor de si mesmas nestas actuacións. Xunto aos dirixentes destas actividades que debían moderar os ímpetos dos máis novos e pór tento en todo, estaban os estudantes universitarios que achegaban un “xerme de poesía”, porque ían atraídos pola aventura “que seduce sempre a mocidade. Aventuras de andar e ver, de correr mundo, de vencer dificultades, de sufrir privacións, de abrazarse estreitamente con homes e pobos, de falar para si e ao oído coa natureza”, como indicaba Cossío.

A primeira Misión realizouse no pobo

segoviano de Ayllón do 16 ao 23 de decembro de 1931. Nela utilizouse, en moi malas condicións, un proxector de cinema sonoro que debeu impresionar por forza un mozo galego de 22 anos que acompañaba esta expedición; era nada menos que Carlos Velo, que probablemente atopou nesta viaxe o que sería a súa vocación de cineasta, e cuxos primeiros documentais terían nas Misións unha inspiración evidente. Nos dous anos seguintes leváronse a termo setenta misións, na súa maioría en comarcas castelás e leonesas, pero o Padroado trataba de chegar paseniño a todos os pobos e comunidades de España. En realidade, velaba para que a Misión fose ben recibida, polo que se procuraba ter na comarca e lugares nos que se ía intervir, persoas que garantisen o éxito. Nalgúns casos, as forzas contrarias á República creaban un ambiente hostil sobre o que había que ser precavido. As maledicencias eran tan simples como afirmar que os cadros do Museo de Pintura, eran inmorais porque había mulleres medio núas (tratábase de copias do Museo do Prado, de obras de Velázquez ou Zurbarán) como ocorreu na Estrada; ou aquela afirmación de que a creación de bibliotecas nas aldeas desataba a cobiza dos labregos, que querían ter ata *unha cama* na súa casa. Alguén chegou a dicir que xa viría un goberno favorable que suprimise esas

Estrea de monicreques en Malpica





Rapaces de Andalucía ollando por primeira vez unha película

bibliotecas, como pasou en Pedrafita do Cebreiro.

Resulta extraordinario repasar a serie de intelectuais e profesores que participaron nestas actividades: Enrique Azcoaga, María e Matilde Moliner, Alejandro Casona, María Zambrano, Antonio Sánchez Barbudo, Carmen Muñoz, Arturo Serrano Plaja, Luis Cernuda, Gonzalo Menéndez Pidal, Rafael Dieste, José Val del Omar, Ramón Gaya, Carmen Conde, Urbano Lugrís, Miguel Prieto, Lorenzo Varela... Pero non todos son nomes especialmente coñecidos, a listaxe de misioneiros chega a case seiscientos, conforme as investigacións que están feitas actualmente. Xunto aos máis sobranceiros, participaban profesores de Escola Normal e inspectores que recolleran nos últimos anos as ideas *institucionistas*, así como moitos mestres e mestras, máis anónimos, se así se podía dicir. Nalgúns casos pagaron coa súa vida, despois na rebelión fascista en 1936, esta dedicación afervorada de difundir as luces da democracia nas aldeas.

Nos seus cinco anos de existencia o Padroado visitou case sete mil localidades e chegou a repartir 5.522 bibliotecas que se depositaban xeralmente na escola aldeá, aínda que nalgúns casos tamén as recibiron asociacións obreiras e culturais, rexementos militares, prisións e ata

fareiros. Cando estalou a revolución de Asturias houbo parlamentarios que chegaron a botarlles a culpa da insurrección ás bibliotecas, porque foi un dos eidos en que o Padroado puxo maior empeño. E o goberno de CEDA reduciu drasticamente o seu orzamento pois, segundo chegaron a xustificar, eran un luxo que os poderes públicos non podían soste. Un ano antes, un deputado dereitista, Lamamié de Clairac chegou a dicir que as Misións eran un malgasto polo índice mínimo de cultura dos campesiños, xa que o seu contido só era apropiado para “o cultivo de espíritos finos”, e engadía: “Comprendedes vós que un entendemento rústico sen formación de ningunha clase (...) é posible darlles programas de Misións Pedagóxicas nas que se lles fale dos grandes homes da nosa Historia e da nosa Poesía, do Cid, de Frei Luis de León, dos grandes valores do século XVI, e que eses homes poidan sacar unha conclusión beneficiosa ao seu espírito da compulsa, do contraste que teñen que realizar cando ao mesmo tempo, con referencia ao século pasado, se lles fala de Riego e das esenciais do réxime republicano”.

O Padroado deixaba tamén gramófonos e coleccións de discos nas aldeas, e contou cun grupo de teatro e coro que dirixiron, respectivamente, Alejandro Casona e Eduardo Martínez

Turner, pero nunca chegaron a Galicia. O cinema, que non faltaba en ningunha saída, era o que máis impresionaba os labregos. Era o sinal da modernidade, da luz eléctrica e a irrupción dun mundo descoñecido que se proxectaba nunha parede. Había pouco que aparecera o cinema sonoro e, ao mesmo tempo que se abría en Madrid o primeiro estudo de cinema que desenvolvía esta tecnoloxía, nalgúns aldeas ás que só se chegaba a pé, coa bagaxe ao lombo das mulas, puidéronse ver películas nas que si se escoitaba a voz dos actores. Non era o habitual, xa que dos trinta e seis aparellos de proxección, unicamente dous eran sonoros, pero indícanos a preocupación que tiña o Padroado porque chegasen á España rural as innovacións máis recentes.

Outro servizo que resultou unha novidade extraordinaria foi o Museo circulante de Pintura, que levaba unhas magníficas copias de cadros do Museo do Prado por moitos lugares e vilas de España. As copias foran realizadas por Ramón Gaya, Eduardo Vicente e Juan Bonafé, e na Memoria indícase que eran dúas coleccións que, de forma itinerante, ían percorrendo vilas ás que era posible carrexalos. Ramón Gaya era adoito o encargado de dar as explicacións, e os visitantes recibían copias fotográficas dos mesmos. A exposición acompañábase de música de gramófono e pola noite proxectábanse outros cadros, e para a súa inauguración Cossío escribiu unhas fermosísimas palabras que se repetían en cada lugar.

Pero non podemos deixar de falar do que fixeron as Misións en Galicia. Nada máis ter noticia da formación do Padroado o reitor da universidade compostelá, Alejandro Rodríguez Cadarso, emprendeu pola súa conta un plan de misións nas provincias da Coruña e Pontevedra, apoiado polos inspectores Manuel Díaz Rozas e Xerardo Álvarez Limeses, polo que recibiu os parabéns de Fernando de los Ríos, Llopis, e do propio Santullano. Mentres desenvolvía o seu plan, Rafael Dieste presentábase no despacho de Pedro Salinas, no *Centro de Estudios Históricos* de Madrid, cunha solicitude que sorprendeu o eximio poeta: quería unha bolsa da *Junta para Ampliación de Estudios*, para investigar as distintas maneiras da linguaxe popular dos pobos



de España. Salinas explicoulle que as bolsas só se concedían para o estranxeiro, pero para satisfacer a súa vontade de estudo, ofreceulle a dirección do teatro de monicreques que se quería organizar nas Misións Pedagóxicas. Dieste levou a termo unha longa misión por Galicia en 1933, en compañía de Ramón Gaya, Arturo Serrano Plaja, Antonio Ramos Varela, Xosé Otero Espasandín, Cándido Fernández Mazas, e José Val del Omar, quen filmou as actividades na Costa da Morte e en Santiago de Compostela, sen que as ditas cintas chegasen ata nós. Foi a misión máis longa que organizou o Padroado, e a primeira na que se fixo coincidir o Museo Circulante de Pintura coa propia misión. O Retablo de Fantoches, nome oficial do teatro de monicreques, estreouse en Malpica; e logo, na Fonsagrada, onde quedaron illados por unha tormenta de neve. Dieste deulle forma definitiva. Fixeron neste pobo dezaioito cabezas de fantoches con pasta, cola e xeso, e como había que agardar moito para que secasen metéronas nun forno, o que lles produciu importantes danos plásticos.

“Algunhas delas entraron no forno cun carácter e saíron con outro, coma se fosen sometidas a unha proba expiatoria. Os campesinos divertíanse vendo facer aos misioneiros tales operacións, e no forno poboado de cabezas descubrían unha graciosa imaxe do purgatorio e pedían, de broma, piedade para os pequenos personaxes. “Non os martiricen máis, ben pagaron a súa culpa... Este sae anoxado, con razón... A vella ten máis conformidade, pero dobróuselle o nariz”.

Coa axuda dun carpinteiro e unha costureira que non paraba de rir, construíron os bonecos definitivos, que custaron 100 pesetas e cos que percorreron moitos lugares e aldeas de España. Dieste decatouse, ademais, de que o *Retablo de Fantoches* tiña unhas calidades extraordinarias para os fins que perseguían as misións, xa que non só establecía decontado un espazo de simpatía, senón que dispaba as dúbidas

que suscitaban os misioneiros. Os labregos vían como aqueles señores da cidade, estudosos e lidos, que había un momento falaban de cousas moi graves e esenciais, tiñan “o espírito lixeiro e amable e non facían da rixidez un signo de cultura”. Ata algúns misioneiros, como Luis Cernuda, que falaba con moita timidez cando se dirixía a un auditorio, agachado no monicreque acabou sendo moi ocorrente e cheo de graza.

En 1934 organizáronse dúas misións máis en Galicia. Unha na provincia da Coruña, por Manuel Díaz Rozas, contou coa colaboración de Antonio Ramos Varela e Javier Fariás. A outra, na provincia de Pontevedra, foi dirixida polo inspector José Muntada Bach, con estes dous mesmos misioneiros. Na segunda fase desta misión, feita na comarca da Paradanta, participaron os mestres Jesús Eugenio Pérez, logo asasinado polos fascistas, e José Benito González, que ten a honra de ser o primeiro mestre freinetiano galego. Existe constancia documental de que houbo outras dúas misións máis. Unha no Pindo entre o 12 de xullo e o 23 de agosto de 1935, na que puido participar Xosé Otero Espasandín; e outra en Ramirás, entre o 23 de xuño e o 5 de xullo de 1936, na que participou Maruja Mallo, aínda que ata o momento non posuímos máis datos delas.

Coido que a recuperación da memoria histórica non pode reducirse a dignificar os mortos da traxedia. Antes da traxedia houbo un tempo gozoso, complicado e

áspero, pero democrático e cheo de esperanza. Teño afirmado que as Misións Pedagóxicas foron un xesto de intelixencia no medio de moitas incompreensións, de moitas tensións ante cambios inexorables que modificaban o vivir de moitas persoas. A acción misioneira creaba e mantiña viva unha sarta de ilusións, invocando imaxes que eran o fundamento dunha orde social igualitaria e dun horizonte emancipador. As Misións Pedagóxicas representaron un espírito aberto e luminoso, herdeiro daquel liberalismo que reivindicaba Unamuno ao recordar a Cossío, cando dicía que non era ningunha doutrina, senón un método “para expoñer e tratar de resolver os problemas políticos, e non unha solución dogmática a eles”. Na República superpoñíase unha mentalidade moderna, democrática e de cerna europea, a unha mentalidade máis que tradicional, noventa e comesta polo carunchos, que Miguel Hernández expresara tan ben no seu poema “Los hombres viejos”. Referíase o poeta de Orihuela a aqueles que tiñan calos e espullas na súa alma “Y nunca se les quita la joroba que dentro del alma les explota”, a aqueles que se ergueron contra o amencer democrático que difundían, que anunciaban os mozos e mozas, tantos mestres apaixonados coas transformacións que estaba a vivir o país.

As Misións Pedagóxicas foron un exemplo no que se viu que a vangarda pedagóxica, literaria e artística podía conectarse cunha cultura rural e antiga, pero que tiña moito que dicir ante os

Luis Cernuda cun neno no colo no Museo de Pintura das Misións Pedagóxicas





Traslado dos cadros do Museo circulante de Pintura do Pindo a Corcubión



Ramón Gaya poñendo un cartel de cego feito por el en Malpica

cambios enérxicos que se estaban producindo. Cada misión era un encontro no que os campesiños vían que se estimaban os seus valores, as súas creacións e o seu saber cristalizado e decantado polo paso do tempo. A visita daqueles mozos incorporábaos ao mundo, aos descubrimentos máis recentes, a todo aquel coñecemento que fixera grata e doada a vida nas cidades; facíaos partícipes dun universo de relacións que os confortaba, e descubríalles unha dimensión de vida desexable. E todo iso, feito no momento antes da invasión de adiantos técnicos que fan extinguir paseniño o seu estilo de vida, o que lle outorga un inmenso valor a aquela acción cultural na que se daba a coñecer, á vez, aos campesiños, o máis moderno das cidades.

Queríase protexer o máis valioso que conservaban da súa cultura e tradicións.

Bibliografía

- ÁLVAREZ SANTULLANO, L. (1946) *El pensamiento vivo de Cossío*. Bos Aires, Losada.
- LUZURIAGA, L. (1957) *La Institución Libre de Enseñanza y la educación en España*. Bos Aires, Losada.
- MOLERO PINTADO, A. (2000) *La Institución Libre de Enseñanza: un proyecto de reforma pedagógica*. Madrid, Biblioteca Nueva.
- OTERO URTAZA, E. (1994) *Manuel Bartolomé Cossío: trayectoria vital de un educador*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Asociación de Amigos de la Residencia de Estudiantes.
- OTERO URTAZA, E. (1982) *Las Misiones Pedagógicas: una experiencia de educación popular*. Sada, A Coruña, Eds. do Castro.
- OTERO URTAZA, E. (2006) "Los marineros del entusiasmo en las Misiones Pedagógicas" (65-129), en *Misiones Pedagógicas 1931-1936*. Madrid, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales-Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.
- PORTO UCHA, A. S. (2005) *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada, A Coruña, Eds. do Castro.
- XIRAU, J. (1945) *Manuel B. Cossío y la educación en España*. México, El Colegio de México.